



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O
DÍA VINTE E SETE DE OUTUBRO DE 2015, CON CARÁCTER ORDINARIO.**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde:	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
Escusa asistencia	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do concello de Vedra, sendo as vinte horas e cinco minutos do día vinte e sete de outubro de dous mil quince, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día quince de outubro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Comunicación previa de dona M^a. Isabel Sanín Requeijo. (Expediente 2015/U026/000001)

Dáse conta do expediente número 2015/U026/000001 de comunicación previa presentada por dona M^a. Isabel Sanín Requeijo para rehabilitación de vivenda, consistente en repoñer tella nunha superficie aproximada de 70 m², situada en Bazar - San Andrés de Trobe (Ref. Catastral 15090A50500323), cun prazo de execución dun ano.

A Xunta de Goberno toma coñecemento da mencionada comunicación previa e acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta e dous euros con corenta e sete céntimos (#52,47#).

2.2.- Instancia núm. 201500000001271 de don Fernando Suárez Vilas.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Fins de Sales, solicita licenza para obras de construción dun alpendre (Expediente núm.: 2015/U022/000002), no lugar de Nande, en solo cualificado no PXOM como solo de expansión dos núcleos rurais (N2), cunha ocupación máxima inferior ao 10% da parcela neta.

Núm. Plantas B, altura máxima da cornixa 3,50 m e un coeficiente inferior a 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don Brais Vázquez Rey.



As actuacións solicitadas executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 002203400NH44A.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- Construírse de acordo co proxecto presentado e en cumprimento do artigo 104 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a fachada irá enfuscada e pintada e a cor a utilizar harmonizará co entorno de maneira que produza o menor impacto posible e adaptándose ás cores tradicionais da zona.

2º.- O prazo para inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

3º.- Así mesmo, e á vista do disposto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, acéptase a cesión de viais nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número 5.02, de 153 m².

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento noventa euros con vinte e seis céntimos (#190,26#)

2.3.- Instancia núm. 201500000001268 de dona María Jesusa Fernández Mogo. (Expediente prórroga número: 2015/U003/000003)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Vedra, expón que a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 30/09/2014 concedeulle licenza para rehabilitación de vivenda consistente en revestir alzado lateral dereito con chapa de aluminio simple extrusionada e revestir o alzado lateral esquerdo con morteiro de cemento e logo pintar en plástico, (Expediente número 2014/U009/000057), situada na Avd. M. M. Gómez Lorenzo nº 4, e dado que por diversos motivos non puido rematalas, solicita a concesión dunha prórroga.

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha prórroga, polo prazo de 1 ano para o remate das actuacións obxecto do expediente.

A prórroga concedida entenderase dende a expiración do prazo inicialmente concedido.

3º.- Certificacións de obras

3.1.- Certificación segunda e última da obra de *Proxecto reformado da ampliación da rede de sumidoiros en San Xián de Sales e San Fins de Sales* (Código 15.2100.0224.0)

Dáse conta da certificación núm. dous e última da obra de *Proxecto reformado da ampliación da rede de sumidoiros en San Xián de Sales e San Fins de Sales* (código 15.2100.0224.0), incluída no Plan de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS 2015), e da factura núm. 2015/281 da empresa adxudicataria das obras, Excavaciones Midón, S.L, por importe de trinta e nove mil trescentos noventa e dous euros con sesenta e seis céntimos #39.392,66#)

A Xunta de Goberno acorda aprobar a certificación e máis a factura.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



3.2.- Certificación segunda e última da obra de *Ampliación da rede de saneamento en Nande*, complementaria á obra do POS 2015.

Dáse conta da certificación núm. dous e última da obra de *Ampliación da rede de saneamento en Nande*, complementaria á obra de Ampliación da rede de sumidoiros en San Xián de Sales e San Fins de Sales do POS 2015, e máis da factura núm. 2015/282 da empresa adxudicataria da obra Excavaciones Midón, S.L, por importe de dous mil cincocentos setenta e catro euros con corenta e un céntimos (#2.574,41#)

A Xunta de Goberno acorda aprobar a certificación e máis a factura.

4º.- Acordo, se procede, sobre devolución de avais.

4.1.- Escrito núm. 1226/15 de Obras y Viales de Galicia, S.L.

Dáse conta do citado escrito no que non Luís A. García Gutiérrez, en nome e representación de Obras y Viales de Galicia, S.L, solicita a devolución do aval constituído para responder da execución da obra *Construción de aparcadoiro en San Xián de Sales*, posto que o prazo de garantía das obras xa rematou o 30.08.2015.

Dáse conta así mesmo que durante o período de exposición pública non se presentaron reclamacións.

A Xunta de Goberno acorda proceder á devolución do citado aval.

5º.- Facturas varias.

Dáse conta das seguintes facturas:

Número Factura	Data Factura	Importe (€)	Nome Proveedor/Acredo r	Descrición
118 Facturas	02-03-27-28-30/09/2015	10.833,53	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro á iluminación pública meses agosto e setembro
6 Facturas	02-03-30/09/2015	168,99	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro a locais, edificios e instalacións municipais meses agosto e setembro
A15/417	16/10/2015	217,80	Artes Gráficas Alonso, S.L.	Impresión de 1000 despregables para a campaña de promoción turística <i>Vedra de Tapas 2015</i> (subvencionada pola Deputación)
A/971	14/10/2015	415,10	Galiza Verde, S.L.	Servizo de xestión e transporte de residuos (plástico, metais, aerosoles, pinturas) prestado no punto limpo o 13/10/2015
32715E	06/10/2015	105,00	Electro Bermudez-Jose Bermudez Reboredo	Cámara fotográfica Casio EXN20 para o departamento de urbanismo subministrada en agosto
32615E	06/10/2015	79,90	Electro Bermudez-Jose Bermudez Reboredo	Batidora Bosch MSM88160 para a gardería municipal subministrada en setembro
721	30/09/2015	169,00	Planeta Informatico, S.L.	Teléfono móbil para a secretaría particular da Alcaldía e o departamento de cultura
9029813	19/10/2015	31,81	Mercamella, S.L.	Produtos e alimentos para o servizo municipal de madrugadores mercados o 19/10/2015
99004902	30/09/2015	443,54	Fornecementos Galegos, SL (Foga)	Fotocopias realizadas na máquina da planta baixa durante o mes de setembro



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



13414	20/10/2015	276,28	Ropa y Calzado Profesional, S.L. (La Bata)	Vestuario para o persoal do servizo municipal de axuda no fogar subministrado en outubro
13419	21/10/2015	54,01	Ropa y Calzado Profesional, S.L. (La Bata)	Pantalóns para o persoal do servizo municipal de axuda no fogar subministrados en outubro
CI0801911084	15/10/2015	166,56	Vodafone España, S.A.U.	Servizos de telefonía do período 15/09/2015 a 14/10/2015 (cotas e tráfico de 5 liñas)
2 Recibos	22/10/2015	300,00	Acredores diversos	Importe dos premios do sorteo-concurso realizado no programa de promoción turística <i>Vedra de Tapas 2015</i>
840563668	07/10/2015	355,22	Ricoh España, SLU	Cargo mínimo das máquinas fotocopadoras de servizos sociais, biblioteca e oficinas xerais mes outubro
A/280	31/08/2015	1.891,05	Fromico, S.L. (Manuel Baluja)	Traballos de limpeza e mantemento de espazos municipais (áreas recreativas, xardíns e vías públicas) mes agosto
A/305	30/09/2015	459,80	Fromico, S.L. (Manuel Baluja)	Servizo de limpeza da casa consistorial prestado no mes de setembro
481	18/10/2015	152,82	Maderas C. Lata S.L.	Materiais subministrados para os traballos de dotación de subministro eléctrico á estación de telefonía móbil de San Fins
9021066	22/10/2015	7,08	Mercamella, S.L.	Leite para o servizo municipal de madrugadores mercada o 22/10/2015
01/C15-16	26/10/2015	280,00	Sanchez Lojo Delio	Achega municipal ás clases de pintura mes outubro
Liquidación		192,25	Carlos Martínez Carrillo	Quilometraxe, autoestrada e aparcadoiro por xestións varias en outubro
Liquidación		200,32	Membros da Mesa de Selección de Persoal	Indemnización pola reunión mantida o día 07/10/2015, para o procedemento de cobertura de dúas prazas de monitor de tempo libre con destino á ludoteca municipal
Liquidación		187,30	Sanmartín Carrera Carlos J.	Axuda de custo, indemnizacións, autoestrada, aparcamento e quilometraxe por asistencia a curso de nóminas <i>GINPIX7</i> na Coruña os días 22 e 23/10/2015 e quilometraxe por xestións da Tesourería municipal do período 28/09/15 a 20/10/15
Liquidación		78,25	Pereiras Caldelas Mercedes	Indemnización, autoestrada, aparcamento e quilometraxe por asistencia o día 23/10/2015 á xornada de presentación da nova versión 3.01 de <i>AL-SIGM</i> na sede da Deputación Provincia da Coruña
Liquidación		195,88	Vilas Giadanes Mª de la Cruz	Axuda de custo, indemnización, autoestrada, aparcamento e quilometraxe por asistencia a curso de nóminas <i>GINPIX7</i> na Coruña os días 22 e 23/10/2015
Liquidación		39,75	Sabio Sanz Carmen A.	Quilometraxe do mes de setembro polo desenvolvemento do programa de Educación Familiar
		373,98		Gastos diversos con motivo da viaxe do Sr. Alcalde e concelleiro de emprego a Municipalia (Lleida) os días 13 e 14 de outubro

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas.

6º.- Outros asuntos.

6.1.- Liquidación achega 2014 ao Transporte Metropolitano de Galicia .



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Dáse conta da comunicación da Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, relativa aos datos da liquidación definitiva da achega 2014 ao Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, de acordo cos seguintes datos da aplicación informática de xestión do plan:

Gasto estimado achegado para o ano 2014	5.716,41
Gasto real ano 2014	4.661,6
Diferenza gasto real 2014-estimación 2014	-1.054,81
Estimación Programa tarifas 2015 (2014 + 3,5)	4.824,76
ACHEGA (2015+/- DÉFICIT/SUPERAVIT 2014)	3.769,95

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada liquidación.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas.